



BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ/XUÍZA DE PAZ TITULAR

Estando vacante a praza de Xuíz/Xuíza de Paz titular do Xulgado de Paz deste Municipio e tendo en conta o acordado polo Excmo. Señor presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de oficiar a este Concello para que se inicie novo expediente para elixir xuíz/xuíza de paz, efectúase convocatoria pública, co fin de que as persoas interesadas poidan presentar as correspondentes instancias no Rexistro do Concello de Val do Dubra, durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP da Coruña. A convocatoria publicarase igualmente, mediante edictos, no taboleiro de anuncios municipal.

1.- CONDICIÓN LEGAIS DO/DA SOLICITANTE.

Para poder concorrer precísanse os seguintes requisitos:

- a) Ser español.
- b) Ser maior de idade.
- c) Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade, incompatibilidade ou prohibicións recollidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial, concretamente nos seus artigos 303 e 389 e ss.

2.- INCAPACIDADES.

Están incapacitados/as os/as impedidos/as física ou psiquicamente para a función xudicial, os/as condenados/as por delicto doloso mentres non obtiveran a rehabilitación, os procesados/as ou inculcados/as por delicto doloso en tanto non sexan absoltos/as ou se dicte auto de sobreseimento, e os/as que non estean en pleno exercicio dos seus dereitos civís.

3.- DEREITOS E DEBERES.

Estos veñen recollidos no Título III “Dos dereitos e deberes”, do antedito Regulamento núm. 3/1995 (*art. 17 a 29*).

Os Xuíces de Paz deberán residir na poboación onde teña a súa sede o Xulgado de Paz (*art. 17.1*).

Non poderán os Xuíces de Paz pertencer a partidos políticos ou sindicatos, ou ter emprego ao servizo dos mesmos, e estaranlles prohibidas as actividades comprendidas no artigo 395 da Lei Orgánica do Poder Xudicial (*art. 23*).



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

Os Xuíces de Paz cesarán no seu cargo, entre outras, por incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade (*art. 28.c*)).

4.- DOCUMENTOS QUE SE ACHEGARÁN COA SOLICITUDE.

Os/As interesados/as deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do documento nacional de identidade.
- b) Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, do 1 de decembro, no seu punto 1.a) referente a "se se encontra inculpado/a ou procesado/a".-
- c) Declaración xurada sobre se incorre nalgún suposto de incompatibilidade para o desempeño das funcións xudiciais recollidas, respectivamente, no artigo 303 e 389 a 397 da LOPX, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís (arts. 1.2 e 14 RXP).
- d) Xustificación dos méritos que, no seu caso, alegue o solicitante con indicación da profesión e actividades que realiza.

5.- PROCEDEMENTO.

Transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes, polo Pleno do Concello procederase á elección de Xuíz/Xuíza de Paz titular entre as persoas que, solicitándoo, reúnan as condicións legalmente establecidas.

O nomeamento do/da Xuíz/Xuíza de Paz titular será efectuado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por un período de catro anos.

Val do Dubra, 19 de maio de 2017

O alcalde,



Antonio Negreira Noya